



ACTA Nº 2018/3
SESIÓN PLENARIA XOVES 12 DE ABRIL DE 2018

ACTA Nº 2018/3

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

XOVES 12 DE ABRIL DE 2018 -



ACTA Nº 2018/3

ACTA DA SESION PLENARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 12 DE ABRIL DE 2018

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO PEREZ FERNANDEZ

ASISTEN:

BNG

JOSE ANTONIO COTOS SEOANE

MARTA GARCIA SANCHEZ

ALVARO XESUS GARCIA FREIRE

PP

OSCAR VAZQUEZ CORRAL

JESUS GOMEZ GARCIA

JOSE DAVID PINTOR PAZO

JOSE EMILIO MAHIA NEIRA

MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS

AUSENCIAS:

SECRETARIO:

AFONSO BIEITO LORENZO PENELA

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:05 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Hai 18 nenos e 3 adultos en calidade de público, aos que se une un adulto máis no transcurso da sesión.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia, a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

Antes do inicio da sesión o alcalde do concello dá a benvida aos alumnos e profesores do Ceip de Présaras que están presentes nesta sesión. Presenta aos membros da corporación e a seguir describe cal é a composición, a forma de nomeamento, funcionamento, periodicidade e tipo de sesións do pleno.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, no seu caso, do borrador da acta da sesión anterior.
- 2.- Control dos órganos de goberno (XGL e alcaldía)
- 3.- Proposta de adhesión á Axencia de protección de legalidade urbanística
- 4.- Mocións
- 5.- Rogos e preguntas.



1.- Aprobación de actas anteriores (06' 42"")

A continuación o alcalde do concello explica aos alumnos a razón de ser das actas e da necesidade da súa aprobación.

O portavoz do grupo municipal do BNG, José Antonio Cotos Seoane tamén se dirixe aos alumnos e profesores presentes, explicando o concepto de política, que define gran parte das nosas vidas.

Transcorridos (10 05"") o portavoz do grupo municipal do BNG, José Antonio Cotos Seoane inicia o estudo das actas, cedéndolle a palabra ao concelleiro do seu grupo Álvaro García Freire quen entende que na acta anterior debía de figurar recollida explicitamente a relación completa dos beneficiarios das bonificacións do IBI pois o pleno, en sesión pública, aprobou todos e cada un dos expedientes.

A petición do alcalde o secretario considera que na redacción actual está suficientemente explicado o sentido do acordo adoptado pero, sendo un acordo polo pleno e, por tanto, público, non atopa inconveniente en que se recolla explicitamente, acordándose unir á acta da sesión 02/2018 de data 07-03-2018 a relación que se une como anexo I á presente acta.

A continuación o concelleiro do BNG protesta por falta de democracia, porque a documentación non se entrega a tempo ou se entrega mal, denunciando neste sentido que as actas dos plenos non están subidas ao portal do concello.

Esta afirmación provoca un debate en que o alcalde indica que quen ten que preparar a documentación que se solicita é o secretario, que ten moito traballo. Engade que o alcalde que xa ten dito hai moito tempo que as actas dos plenos teñen que estar colgadas da páxina web, preguntando ao secretario se é certo, quen contesta que, en cumprimento da normativa, en canto se redacta unha acta se dá orde de subila á web sen que neste momento poida asegurar se o están (posteriormente á sesión compróbase que están).

O concelleiro do BNG di, pola súa banda, que a el non lle preocupa se a culpa é do secretario ou non, que o responsábel é o alcalde iniciándose un debate sobre a palabra "impedir" ver a documentación (que nun momento usou Álvaro García), pois o alcalde afirma que sempre se lles permitiu ver a documentación que teñen solicitada, mentres o concelleiro do BNG aduce que, se hai cinco días de prazo para ver a documentación, dende que pasa ese tempo ata que se lle entrega estáselle impedindo vela.

Finalmente procédese a aprobación das actas número 1 e 2 de 2018 do pleno, as cales son aprobadas por unanimidade dos asistentes coa modificación mencionada de incluír a relación de expedientes de bonificación de IBI aprobados polo pleno 02/2018.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (17' 37"")



O alcalde dá conta das actas remitidas da Xunta de goberno local, dende a número 01/2018 ata a 04/2018 do 23-02-2018 que se enviou o 13-03-2018, incluídas, o que confirman os concelleiros presentes que é certo, indicando Marta García Sánchez que na acta 3/2018 hai un erro, pois aparece que só asistiron a reunión o alcalde e o secretario, quedando o secretario en revisala (posteriormente revísase esta advertencia, observándose que onde se dá o erro é na acta 02/18 de data 26-01-2018, o que se levará á vindeira xunta de goberno local).

Confirmada a recepción das actas da XGL, que inclúen os decretos, e non habendo intervencións, pásase ao seguinte punto da orde do día.

3.- Aprobación no seu caso da adhesión á axencia de protección da legalidade urbanística (19' 00")

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández dá conta do Expediente de Adhesión á Axencia de Protección de Legalidade Urbanística (APLU), que inclúe o informe de secretaría e máis a proposta da alcaldía.

O alcalde di que xa é a segunda vez que se trae esta proposta ao pleno (a anterior fora o 08-06-2017). A continuación explica que é a Axencia de Protección de Legalidade Urbanística, indicando datos estatísticos sobre os concellos adheridos.

Engade que entende que a adhesión ha de ser por unanimidade, polo que se alguén non está de acordo retirarán a proposta, razoándoo en que esta adhesión entende que ten un punto de vista técnico (dende o que é interesante) e outro político, onde a decisión é máis complexa, especialmente para dar o primeiro paso, o da solicitude de adhesión.

Continúa dicindo que no anterior pleno en que se tratou este punto o concelleiro do BNG Álvaro García Freire dixera, segundo a acta redactada “que o seu grupo non ten unha postura elaborada”, preguntándolle ao grupo do BNG se xa teñen a postura, pois o seu grupo considera que debe ser unha postura conxunta, pois non se trata só de cuestións técnicas senón tamén políticas, como é a ordenación urbanística, e podería solventar o problema do coñecemento dos veciños que se dá especialmente nos concellos pequenos e medianos.

A continuación (24,00) toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire quen indica que eles abstivéranse porque entendían que era un tema importante para o que había que reunirse antes e non houbo tal reunión polo que seguirán a absterse. Que o concello ten un profesional e un PXOM en tramitación que dará regras actualizadas e que realmente a función da APLU é máis ben recadadora (o 50% das sancións da Aplu serían para o concello).



Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, que o noso técnico seguiría a facer o mesmo que xa fai, pois a APLU é só para tramitar expedientes de disciplina urbanística problemáticos e, ademais, estudaría só os expedientes posteriores á adhesións.

O concelleiro do BNG Álvaro García Freire contesta que eles non entenden que se lle diga á xente que vaian facendo e que logo se lles sancione, que o lóxico e ir explicándolles a normativa, preguntándolle o alcalde que significa iso de “ir facendo”, explicando Álvaro García que que o alcalde, cando un veciño lle pide un permiso, dille “ti vai facendo”, o que leva a que se fagan obras ilegais e que despois se sancionen.

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, afirma que, nin el nin o seu grupo, actuamos nunca así, que dende o ano 2011 iso non se fai, antes non pode sabelo.

Continúa dicindo que eles tamén se van abster pois consideran que ten que ser unha decisión conxunta, interrompéndolle Marta García Sánchez (BNG) para dicirlle que no anterior pleno quedarase en consensual, co que non está de acordo o alcalde e léndose parte da acta desa sesión. Álvaro García Freire (BNG) ofrécese ao alcalde para falar desta proposta cando queira, previamente ao pleno en que se queira aprobar. E, hoxe, se é tan bo, apróbaos e se ten pegas, non o aprobes.

O alcalde entende que ten que ser unha postura unánime, polo que o seu grupo tamén se vai abster.

Remata o estudo deste punto sen que se produza ningunha votación non adoptándose, en consecuencia, ningún acordo.

5.- Mocións (31' 00")

A continuación o alcalde comenta que non se ten presentado ningunha moción antes da convocatoria, pero si con posterioridade, polo que se poden estudar só se se vota a súa urxencia.

A continuación dáse conta das seguintes mocións:

A/ Moción presentada polo grupo municipal do BNG por correo electrónico sen Rexistro de entrada de data 10-04-2017 relativa á Solicitude de traída de augas ao lugar de Santa Mariña, na parroquia de San Vicenzo (31' 05").

A moción, presentada polo grupo municipal do BNG, únese como anexo I á presente acta.

O portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane explica a proposta lendo o seu contido.

A continuación (33'00") toma a palabra o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández quen realiza unha exposición histórica dos antecedentes. En resume:



-O concello de Vilasantar realizou obras de depósito e rede de abastecemento de augas á parroquia de San Vicenzo. Hai unha vivenda nesa parroquia, Santa Mariña nº 1, que se constrúe no ano 1997, situada en solo rústico. A día de hoxe só se podería facer se se ten unha explotación agrícola mais naqueles anos amparáronse para a súa construción nunha excepcionalidade prevista na normativa existente naqueles anos, que permitía realizala coa condición de que non se puidese formar núcleo rural e que tiñan que ter garantido, con medios propios, o subministro de auga e o saneamento, sendo no seu caso o subministro de auga mediante un pozo.

Continúa, en relación xa á moción, que a propietaria, da vivenda presentou cerca de vinte escritos, ao alcalde, ao director de obra, á deputación, ao valedor do pobo, etc. . En ningún momento a oposición veu ver a documentación nin os proxectos das obras nin as contestacións remitidas.

En relación a que a auga non chegou ao lugar de Santa Mariña, contesta que á parte desa vivenda había outras nas que non se meteu, porque non chegaban os cartos, como é o caso de Cezar, que a metemos despois, como a outros moitos sitios aos que haberá que a levar. Comenta a continuación que a oposición, cando gobernaba deixara, non unha casa, senón núcleos, como o de Días ou Castro de Vilariño ou Sesmonde ou o Castro de Armental, etc.

Continúa dicindo que na moción dise que o grupo do BNG xa ten levado este problema ao pleno e quere matizar que quen o levou ao pleno foi o grupo de goberno. Con respecto a que dixo que non había camiño público aclara que os camiños que había eran de carros e corredoiras, que ela sempre entrou pola zona de Teixeiro. Agora mesmo si hai camiño, por concentración parcelaria.

En canto a que non hai informe técnico que avale a valoración que se fixo, aclara que si existe esa valoración, usando os mesmos prezos cos do proxecto. Con respecto a que o abastecemento é unha competencia municipal, o informe do Director dos traballos de redacción do PXOM aclara que o concello non ten a obriga de levar a traída de augas as edificacións situadas en solo rústico senón que, polo contrario, debe resolvelo o promotor.

Con respecto á petición de redactar o proxecto nun mes contesta que xa fixemos a valoración e que o proxecto farémolo cando sexa necesario e con respecto á petición de comprometerse a realizar a obra no prazo máis breve posíbel, estamos co expediente e no seu caso buscaremos financiamento para executala.

Finalmente e segundo a súa opinión, esta moción non fai ningún ben, nin ao expediente que se está a tramitar, pois xa vos decantades por unha das partes sen nin sequera ver a documentación nin os informes dos técnicos, nin ao concello.

En resume, adianta que o seu grupo vai votar en contra da moción.



O secretario avisa de que, antes de pasar ao estudo e votación da moción habería que votar a urxencia.

Transcorridos (40'15") vótase a urxencia da moción a cal é apreciada por unanimidade dos asistentes.

Neste momento o secretario-interventor pide a palabra para advertir que, en primeiro lugar, o lugar de Santa Mariña si ten abastecemento de auga, quen non o ten é esa vivenda en concreto. En segundo lugar aclara que esta vivenda é unha vivenda illada, situada en zona rústica, e que estas vivendas non teñen dereito subxectivo a ter este servizo e, de feito, a licenza de edificación concedéuselle condicionada a que fixese un pozo.

Continúa indicando que, de concedérselle a auga a esta vivenda illada situada en solo rústico significaría unha discriminación respecto a outras vivendas situadas tamén en solo rústico e que non teñen abastecemento municipal, xerándose un dereito a non discriminación. Engade que aínda quedan núcleos, mesmo algún núcleo rural de varias vivendas, sen abastecemento municipal que, na súa opinión, terían prioridade sobre as vivendas illadas. Advirte que recoñecer o dereito das vivendas illadas a abastecemento de auga a costa do concello provocaría graves problemas económicos ao mesmo. Remata dicindo que fai estas advertencias para que o pleno as teña en conta.

A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire con respecto a que non accederon á documentación do expediente que hai dúas formas de acceder á mesma, unha directamente no concello e outra porque nola pase a persoa afectada, como foi o caso. Engade que cre que foi un erro no proxecto, pois deixouse unha casa soa sen abastecemento, cando si se meteron un lote de casas e queremos resolver o problema desa casa. Continúa recoñecendo que quedan máis casas sen auga e que eles, no seu momento, deixaran casas sen abastecemento, pero sempre intentamos levar sistematicamente as traídas de auga, nun momento en que a maioría do concello estaba sen ela. Os cartos chegaban ata onde chegaban.

A continuación di que lle parece unha inxustiza que esta casa, que hai máis dunha casa, pero esta en concreto que está lonxe, pero a mesma distancia que outras ás que se levou a traída.

Con respecto ás advertencias do secretario-interventor, entende que esta é unha cuestión política, a sensibilidade que hai que ter coa xente.

A seguir toma a palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, para comentar que a documentación que puido pasar a interesada ao BNG foi incompleta porque, por exemplo, os informes que se fan a deputación provincial non llos remitimos a ela. Hai unha discusión entre o alcalde e o Álvaro García sobre se a documentación que viron era suficiente ou non, sobre quen ten dereito á última palabra, rematando o alcalde dicindo que esa señora non vive aí e que na casa hai un letreiro moi grande de Se vende.



Transcorridos (47'00") procédese á votación resultando rexeitada a moción por 6 votos en contra (PP) e 3 a favor (BNG)

B/ Moción presentada polo grupo municipal do BNG por correo electrónico sen Rexistro de entrada de data 10-04-2017 relativa á Solicitud de que o concello negocie coa Xunta para obter parcelas adaptadas para equipamentos públicos (31' 05").

A moción, presentada polo grupo municipal do BNG, únese como anexo II á presente acta.

O portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane explica a proposta lendo o seu contido.

A continuación (49'55") toma a palabra o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández quen manifesta que o seu grupo non está de acordo coa urxencia desta moción, explicando que neste momento Vilasantar ten a sorte de ter dous procesos de concentración parcelaria, sendo o único concello de Galicia onde se están facendo os dous proxectos de camiños.

Engade que as dúas concentracións están en fase distinta, pois en San Vicenzo estase iniciando a fase de enquisa, mentres que Barbeito está máis atrasada e aínda se están executando os camiños.

Con respecto ao que se pide como acordo nesta moción, xa o estamos a facer, por iso non vemos a urxencia. O concello é un propietario máis e como tal cubrimos a nosa folla de peticións. Nós xa sabemos que terreos queremos, queremos terreo para o local social, para o ancheado das pistas, mencionando algunhas, ampliar o cemiterio, auga, depuración.

O concelleiro Álvaro García Freire interrómpeo para dicirlle que se non considera a urxencia non debería estenderse como está facendo, continuando o alcalde coa depuración, incendios e descargas de madeira. A continuación pregunta se o grupo do BNG ten algunha proposta a maiores.

Contesta en nome do BNG Álvaro García Freire que o único que piden é facer un mapa reflexando o dito polo alcalde e facelo entre todos, mencionando o PXOM. Nós, engade, temos claro que hai que empezar co saneamento, que cada vez vai haber máis problemas de auga. Temos que facer ese mapa. E se grupo do PP considera que o poden facer sós, sendo interrompido polo alcalde para dicir que xa o están facendo e que o consideran importante, e preguntando se teñen algunha proposta.

Álvaro García Freire contesta que hai que reunir aos técnicos, non temos que ser nós, e que se poña nun plano para que todos os veciños o saiban. En resume, que queren consensuar ese mapa, co apoio dos técnicos.



Finalmente o alcalde di que se vai votar a urxencia a cal é rexeitada por 6 votos en contra (PP) e 3 a favor (BNG).

C/ Moción presentada polo grupo municipal do BNG por correo electrónico sen Rexistro de entrada de data 10-04-2017 relativa ao mantemento de pensións dignas para os galegos e galegas (58' 35").

O alcalde do concello Fernando Pérez Fernández considera que esta moción non é urxente tratándose dun tema nacional e non local, propoñendo a votación da urxencia, a cal é rexeitada por 6 votos en contra (PP) e 3 a favor (BNG).

D/ Moción presentada polo grupo municipal do BNG neste mesmo momento relativa á próxima finalización do prazo de alegacións ao Plan medio ambiental do parque eólico da Lavandeira (59' 15").

A continuación o concelleiro do BNG Álvaro García Freire informe de que acaba de recibir hai menos de media hora información de que mañá remata o prazo de presentación de alegacións ao Ministerio de medio ambiental en relación a un parque eólico que se vai facer no concello, chamado de Lavandeira, prantexando en consecuencia unha moción de urxencia para tratar este asunto. O alcalde contesta que non se recibiu notificación oficial ningunha.

Álvaro García Freire di que o soubo por casualidade, cando estaba mirando un parque eólico que se vai situar en Mesía e que o prazo remata mañá.

O alcalde pregunta ao secretario se hai algún documento oficial, contestando este que el non ten coñecemento da apertura dese prazo.

Ábrese un debate sobre os poucos datos que se coñecen, pois non hai cobertura no salón de plenos, que vai ser de 15 muíños, cerca de Brai, situándose entre Vilasantar e Curtis.

Finalmente vótase a urxencia desta moción sendo apreciada por unanimidade dos asistentes.

A continuación, e tamén por unanimidade dos asistentes, acórdase delegar no alcalde-presidente a presentación de alegacións

6.- Rogos e Preguntas (1h 07' 30")

A/ Preguntas presentadas por escrito (59' 15")

Faise constar que non se presentaron preguntas por escrito nin antes nin despois da convocatoria.

A concelleira do BNG Marta García Sánchez di que quedaran dúas preguntas sen contestar do pleno anterior. Unha era qué se sabía da liña eléctrica que vai por Liñares, contestando o alcalde que está suspendida por non se ter presentado documentación.



Continúa Marta García Sánchez que a outra pregunta era sobre o da madeira na pista de Días, contestando o alcalde que hai un expediente contra esa empresa e hai un compromiso desa empresa de amañalo.

Toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire para preguntar sobre os prazos de contratación en que se atopan unhas obras, que é unha pregunta que xa se fixo no pleno anterior, contestando o alcalde que ese dato teno que buscar o secretario e preguntando que obras son, contestando Álvaro García que eran as que constaban no escrito presentado naquel pleno, que le o alcalde e abríndose unha discusión sobre quen ten que preparar a documentación.

Antes de rematar a sesión o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández presenta unha moción de urxencia, que se trata no punto seguinte:

7/ Moción presentada polo grupo municipal do PP neste mesmo momento relativa á celebración dun pleno infantil de carácter anual (1h 10' 30")

A continuación o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, en nome do grupo municipal do PP presenta unha moción de urxencia solicitando a celebración dun pleno infantil anual no concello de Vilasantar. A continuación le a mesma, que se une como anexo III á presente acta e que, na súa parte resolutiva di:

A organización dun pleno infantil anual para facer partícipes aos nenos e nenas do CEIP de Présaras dos seus dereitos constitucionais, da liberdade de expresión e de consulta aos órganos de xestión municipal.

A continuación explica o contido da moción, dirixíndose explicitamente aos nenos e nenas asistentes e expoñendo a organización do pleno en que os concelleiros/as serían os propios nenos e nenas, con propostas, portavoces, secretario, etc.

Álvaro García Freire di que, na súa opinión a proposta debería ser, non do PP senón da alcaldía.

A continuación (1h 12'40") procédese a votación da urxencia que resulta apreciada por unanimidade dos asistentes.

A continuación (1h 12'41") procédese a votación da moción que resulta aprobada por unanimidade dos asistentes.

8.- Preguntas dos alumnos do CEIP de Présaras.

A continuación o alcalde, fóra da orde do día, dálle a palabra aos alumnos e alumnas do Ceip de Présaras por se queren facer algunha pregunta.

Transcorridos (1h 13 35") Mariana pregunta ao alcalde cal foi a súa maior dificultade ao pasar da vida normal á ser alcalde, contestando este que non poder quedar ben con todo o mundo



nin darlle todo o que precisa a todo o mundo e, tamén, que hai que estar operativo en calquera momento, sempre pendente do teléfono.

Transcorridos (1h 13' 35") Cristian pregunta dende cando é alcalde, contestando este que dende xuño de 2011, sobre os concelleiros explica que a maioría levan unha ou dúas lexislaturas, salvo Álvaro que é o máis veterano, quen explica que tampouco é exactamente así, pois houbo un tempo en que non estivo e despois volveu.

Remata o acto emprazando o alcalde os alumnos para dentro dun ano e Álvaro García Freire lembrándolles a importancia de que a xente asista aos plenos e por parte dunha das mestres dando as grazas aos membros da corporación e traballadores.

Transcorridos 1h 17' 00", e non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 7 de maio de 2018

O secretario,

Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e prace, O alcalde,

Fernando Pérez Fernández



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/3 SESIÓN PLENARIA XOVES 12 DE ABRIL DE 2018

Anexo I

N° rexistro	data	remitente	ref. Catastral	importe recibo IBI	Bonificación %	Resultado reducido	resultado final documentacion
20170000001866	27-11-2017 11:36:22	CORRAL REGUEIRO, MARIA AIDA	15091A01500141000HI	125,5	95	6,27	v
20170000001866	27-11-2017 11:36:22	CORRAL REGUEIRO, MARIA AIDA	6876301NH7667N001SL	8,36	95	0,42	v
20170000001940	13-12-2017 09:42:06	SANCHEZ DIAZ, CARMEN	6290803NH7669S0001MG	221,8	50	110,09	v
20170000001959	15-12-2017 14:06:34	CHAO MEZONZO S.A.T.	15091B501030230000OX	1375,46	95	68,77	v
20170000001960	15-12-2017 14:07:44	SAT SAN MARTIN DE ARMENTAL	15091B502004510000OW	730,16	95	36,51	v
20170000001962	18-12-2017 14:14:34	MARTINEZ VILLAMOR, JESUS DAVID	6799901NH7669N0001FU	334,57	50	167,28	V
20170000001990	19-12-2017 14:57:17	ANTONIO BOADO PAZ	000800300NH76E0000ZG	1141,59	95	57,08	v
20170000001993	19-12-2017 14:59:53	LOPEZ IGLESIAS, LUIS	5007502NH7750N0001QH	286,51	50	143,26	v
20170000001998	20-12-2017 12:55:41	RAMIRO ALLER BELLO	15091B501001010000OT	70,32	95	3,52	v
20170000001999	20-12-2017 12:59:56	MARTINEZ GOMEZ, MARIO	4812403NH7741S0001IF	147,58	50	73,79	v
20170000002000	20-12-2017 13:01:43	MARTINEZ GOMEZ, MARIO	15091A009001290000HQ	238,27	95	11,91	v
20170000002001	20-12-2017 13:04:01	JUAN ANTONIO ASTRAY RODRIGUEZ	15091B501004620000OD	390,82	95	19,54	v
20170000002002	20-12-2017 13:05:56	VILARIÑO LABANDEIRA, MARIA	5207306NH7750N0001DH	227,72	50	113,86	v
20170000002003	20-12-2017 13:15:38	FRANCISCA VILARIÑO. CAMILO RIVAS VILARIÑO	6290801NH7669S0001TG	46,28	30	32,39	V
20170000002006	20-12-2017 13:17:56	ASTRAY RODRIGUEZ, JUAN ANTONIO	9073404NH6697S0001HR	368,5	50	184,25	v
20170000002012	21-12-2017 13:59:13	PENAS PRADO, JOSE	5834802NH7753S0001HY	328,2	50	164,1	v
20170000002014	21-12-2017 13:59:13	FREIRE GARCIA, MTERESA	9172302NH6697S0001RR	363,16	50	181,58	v
20170000002015	21-12-2017 14:41:08	VAZQUEZ VILARIÑO, LUIS	15091A001003340000HX	364,98	95	18,25	v
20170000002016	21-12-2017 14:44:17	BUGALLO LOPEZ, ANTONIO	6576607NH7667N0001PL	210,36	50	105,18	V
20170000002026	21-12-2017 15:03:00	VAZQUEZ PEREZ, ENRIQUE	15091A006003650000HL	69,52	95	3,476	V
20170000002027	21-12-2017 15:04:04	IGLESIAS VENTUREIRA, MANUEL	0488504NH7608N0001MS	145,18	30	101,63	V
20170000002030	21-12-2017 15:08:55	RODRIGUEZ RUA, MANUEL	0306302NH7700N0001FL	100,19	30	70,13	V
20170000002031	21-12-2017 15:09:17	RODRIGUEZ SANDA, MANUEL	0306301NH7700N0001TL	430,01	50	215,01	v
20170000002032	21-12-2017 15:10:06	VAZQUEZ SEIJAS, JOSE	15091A016004190000HP	153,45	95	7,67	v
20170000002034	22-12-2017 13:22:23	SANCHEZ FREIRE, JOSE MANUEL	9597402NH6699N0001WU	88,29	50	44,145	
20170000002040	22-12-2017 13:32:25	SANCHEZ LAGO, RAMON	7364918NH7676S0001OF	238,96			doc. Incompleta. Faltan certificados Facendas
20170000002053	26-12-2017 09:34:15	VARELA CORRAL, JUAN JOSE	15091A004006200000HE	300,07	95	15,00	v
20170000002054	26-12-2017 09:37:19	CORRAL MILLARES, RAMON	5182201NH7658S0001BJ	205,43	30	143,80	V
20170000002055	26-12-2017 09:38:23	CASAL SANCHEZ, ALFONSO	5370501NH7657S0001JM	180,98	50	90,49	v
20170000002056	26-12-2017 09:40:07	VILARIÑO VILARIÑO, ASUNCION	8815903NH6781N0001EP	342,96	50	171,48	v



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2018/3 SESIÓN PLENARIA XOVES 12 DE ABRIL DE 2018

20170000002057	26-12-2017 09:40:47	SILVA FREIRE, MANUEL	5523101NH7752S0001OS	213,63	30	149,54	V
20170000002058	26-12-2017 09:41:22	SANCHEZ VILARIÑO, XOSE ANTON	3668604NH7636N0001ED	415,48	50	207,74	v
20170000002059	26-12-2017 09:52:57	FREIRE GARCIA, DIONISIO	9375804NH6697N0001KL	141,43	50	70,71	v
20170000002060	26-12-2017 09:56:31	VILLAR TATO, Mª ESPERANZA	5834404NH7753S0001KY	90,7	50	45,35	v
20170000002061	26-12-2017 09:57:55	BUGALLO SANCHEZ, JESUS	7061401NH7676S0001PF	157,11	50	78,55	v
20170000002062	26-12-2017 09:58:49	BUGALLO SANCHEZ, JESUS	7262314NH7676S0001HF	28,42	95	1,42	v
20170000002063	26-12-2017 09:59:40	MARTINEZ ESTRAVIZ, ANTONIO	6218301NH7761N0001ZF	552,86	50	276,43	v
20170000002064	26-12-2017 10:00:14	MARTINEZ ESTRAVIZ, ANTONIO	15091A005000320000HY	3216,1	95	160,81	V
20170000002065	26-12-2017 10:00:55	COSTOYA PLATAS, JOSE	0383302NH7608S0001EB	117,45	50	58,73	v
20170000002066	26-12-2017 10:04:23	SANDA VENTUREIRA, JESUS	0305302NH7700N0001OL	231,32	30	161,92	V
20170000002067	26-12-2017 10:04:56	SANCHEZ IGLESIAS, GERMAN	9409702NH6790N0001HB	244,12	30	170,88	v
20170000002068	26-12-2017 10:05:50	CASAL SANCHEZ, ALFONSO	5471202NH7657S00001AM	18,5	95	0,92	V
20170000002069	26-12-2017 10:06:33	SANCHEZ IGLESIAS, GERMAN	001000100NH67B0001XW	195,69	30	136,98	V
20170000002070	26-12-2017 10:16:34	CORRAL IGLESIAS, EMILIO	0483101NH7608S0001QB	170,1	30	119,07	V
20170000002071	26-12-2017 10:18:30	MONTERO BELLO, JOSE	1596817NH7619N0001JP	159,19	30	111,43	v
20170000002072	26-12-2017 10:20:09	GOMEZ SANCHEZ, ALFREDO	5207301NH7750N0001FH	117,7	30	82,39	v
20170000002073	26-12-2017 10:24:13	VAZQUEZ PEREZ, PIO RAMON	15091A006005350000HX	147,47	95	7,37	v
20170000002074	26-12-2017 10:24:55	BLANCO FANDIÑO, MARCIAL	3970801NH7637S0001QG	403,18	50	201,59	v
20170000002075	27-12-2017 10:26:39	MAHIA FREIRE, JOSE	15091B501003890000OF; 15091B501020360000OG	169,25	30	118,47	V
20170000002076	27-12-2017 10:27:15	RICO NEIRA, MANUEL	9331301NH6793S0001KP	196,33	30	137,43	V
20170000002078	27-12-2017 10:29:25	LOPEZ BLANCO, ROBERTO	8973502NH6687S0001OM	273,81	50	136,91	v
20170000002079	27-12-2017 11:13:08	GARCIA PLATAS, JOSE	001100600NH76H0001EB	124,76	30	87,33	V
20170000002080	27-12-2017 11:11:48	GARCIA TOJO, EMILIO	15091A022004370000HW	64,5	95	3,22	v
20170000002086	27-12-2017 11:34:52	ALLER LAMAS, JOSE ANTONIO	15091B502002760000OR	45,35	95	2,27	v
20170000002087	28-12-2017 15:28:47	MARTINEZ VAZQUEZ, MANUEL	15091A004002080000HW	49,65	95	2,48	v
20170000002088	28-12-2017 15:30:42	IGLESIAS GARCIA, JOSE LUIS	0488502NH7608N0001TS	249,6	30	174,72	V
20170000002089	28-12-2017 15:47:05	PEREZ MARTINEZ, JOSE LUIS	3397701NH7639N0001SK	93,12	30	65,18	v
20170000002090	28-12-2017 15:33:07	MAHIA FREIRE, JOSE	15091B501003930000OM	163,52	95	8,18	v
20170000002091	28-12-2017 15:34:16	GARCIA ASTRAY, JOSE ANTONIO	5523803NH7752S0001FS	37,3	95	1,86	v
20170000002092	28-12-2017 15:34:52	SUAREZ LOPEZ, MANUEL	15091A009010920000HS	135,68	50	67,84	v
20170000002093	28-12-2017 15:35:22	SOUTO MAHIA, PILAR	8875303NH6687N0001TG	120,03	30	84,02	v
20170000002094	28-12-2017 15:36:07	MAQUES MOSTEIRO, JOSE MARIA	15091A004003020000HZ	105,48	95	5,27	v
20170000002095	28-12-2017 15:36:48	ALLER LAMAS, JOSE ANTONIO	2892605NH7629S0001SX	144,37	50	72,18	v



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2018/3 SESIÓN PLENARIA XOVES 12 DE ABRIL DE 2018

20170000002096	28-12-2017 15:37:18	NEIRA GARCIA, CONSUELO	9374303NH6697S00001UR	90,91	30	63,64	v
20170000002097	28-12-2017 15:39:18	SANCHEZ GARCIA, AVELINA	5380401NH7658S0001WJ	103,33	30	72,33	v
20170000002098	28-12-2017 15:39:55	LOPEZ SANCHEZ, JOSEFINA	1790206NH7619S0001DK	211,08	30	147,76	v
20170000002099	28-12-2017 15:40:42	FREIRE LOPEZ, ADOLFO	1596805NH7619N0001TP	513,06	30	359,14	V
20170000002100	28-12-2017 15:41:15	MARTINEZ PLATAS, MERCEDES	4812402NH7741S0001XF	75,84	30	53,08	V
20170000002101	28-12-2017 15:42:06	PEREZ PIÑEIRO, Mª JOSEFA	9815103NH6791N0001UF	198,38	30	138,87	V
20170000002102	28-12-2017 15:42:46	SANCHEZ BEN, AURORA	9394803NH6699S0001TG	247,7	30	173,39	V
20170000002103	28-12-2017 15:43:28	CASAL SANCHEZ, RAMON	8974101NH6687S0001SM	107,51	30	75,25	V
20170000002104	28-12-2017 15:47:32	RODRIGUEZ RUA, PILAR	8974503NH6687S0001MM	17,17	30	12,02	V
20170000002105	28-12-2017 15:48:21	BOADO VARELA, SUSANA Mª	15091A016003650001JP	238,79	50	119,39	v
20170000002106	28-12-2017 15:48:59	BOADO VARELA, SUSANA Mª	5079604NH7657N0001WG	81,49	95	4,07	v
20170000002106	28-12-2017 15:48:59	BOADO VARELA, SUSANA Mª	15091A020001720000HY	51,02	95	2,55	v
20170000002109	29-12-2017 15:53:35	CORRAL GOMEZ, ALFONSO	15091B502102260000OM	105,83	50	52,92	v
20170000002110	29-12-2017 15:55:44	RECIOY RECIOY, JOSE	15091B501002850000OB	85,89	95	4,29	V
20170000002113	29-12-2017 15:57:42	PEREZ SOUTO, JOSE MANUEL	15091A001004360000HZ	375,27	50	187,64	v
20170000002114	29-12-2017 15:58:27	MERELAS FACHAL, JOSE MARIA	4990702NH7649S0001BU	546,23	50	273,12	v
20170000002115	29-12-2017 15:59:00	MERELAS GARCIA, JOSE LUIS	15091B502105070000OP	571,88	95	28,59	v
20170000002116	29-12-2017 15:59:36	FANDIÑO COUCEIRO, ALICIA	0306303NH7700N0001ML	236,99	30	165,89	v
20170000002117	29-12-2017 16:01:49	BOADO CARRO, JESUS	001603100NH76H0001AB	104,35	30	73,05	V
20170000002118	29-12-2017 16:03:48	MEJUTO VAZQUEZ, MANUEL	2967404NH7626N0001XO	145,3	30	101,71	V
20170000002119	29-12-2017 16:06:58	GARCIA REY, Mª ELISA	0479106NH7607N0001KK	145,75	30	102,03	V
20170000002120	29-12-2017 16:07:41	SANCHEZ BUGALLO, LUIS	3370129NH7637S0001SG; outras	34,16			FINCAS RÚSTICAS
20170000002166	29-12-2017 16:09:38	SEOANE FEROS, HERMINIA	9409911NH6790N0001OB	40,01	30	28,01	v
20170000002121	29-12-2017 16:09:38	ALLER CASAL, JOSE MANUEL	9409703NH6790N0001WB	60,48	30	42,27	V
20170000002122	29-12-2017 16:10:13	ALLER CASAL, JOSE MANUEL	15091B501007090000OO	63,74	50	31,87	v
20170000002123	29-12-2017 16:10:46	ALLER CASAL, JOSE MANUEL	0488503NH7608N0001FS	259,36	50	129,68	v
20170000002124	29-12-2017 16:11:17	VARELA ARES, MANUEL	1385501NH7618N0001WH	271,25	30	189,87	V
20170000002125	29-12-2017 16:11:58	SILVESTRE FREIRE VAZQUEZ	15091B501001980000OF	0151	95	7,55	V
20170000002126	29-12-2017 16:12:33	PONTE GARCIA, EUGENIO	001200500NH77B0001XY	64,66			VIVENDA
20170000002128	29-12-2017 16:14:56	MARTINEZ SANCHEZ, FRANCISCO JAV.	15091A012001420000HK	16,17	95	0,81	v
20170000002129	29-12-2017 16:15:32	MARTINEZ SANCHEZ, FRANCISCO JAV.	002200300NH77B0001HY	261,74	50	130,87	v
20170000002133	29-12-2017 16:18:58	PLATAS SANCHEZ, MANUELA	7263602NH7676S0001ZF	277,32	50	138,66	V
20170000002134	29-12-2017 16:21:10	BUGALLO SANCHEZ, JOSE	5470211NH7657S0001FM	265,61	50	132,81	V



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/3 SESIÓN PLENARIA XOVES 12 DE ABRIL DE 2018

201700000002135	29-12-2017 16:21:46	TABOADA GOMEZ, ADOLFO	5874801NH7657S0001OM	168,66	50	84,33	V
201700000002136	29-12-2017 16:22:18	GOMEZ PIÑEIRO, CARMEN	15091B502004440000OS	257,9	95	12,89	v
201700000002137	29-12-2017 16:24:08	BUGALLO LAMAS, EMILIO	7364912NH7676S0001QF	5,05	95	0,25	v
201700000002138	29-12-2017 16:25:27	BUGALLO LAMAS, EMILIO	7364910NH7676S0001YF	10,9	95	0,54	v
201700000002139	29-12-2017 16:26:13	BUGALLO LAMAS, EMILIO	7364909NH7676S0001QF	233,04	50	116,52	V
201700000002140	29-12-2017 16:26:46	GARCIA LORENZO, JOSE	7364908NH7676S0001GF	246,13	50	123,06	v
201700000002141	29-12-2017 16:29:46	SANCHEZ PEREZ, JOSE LUIS	15091A022003230000HF	103,34	95	5,17	v
201700000002142	29-12-2017 16:30:31	VAZQUEZ GOMEZ, HORTENSIA	6874304NH7667N0001YL	71,13	95	3,55	v
201700000002143	29-12-2017 16:31:02	VAZQUEZ GOMEZ, JESUS	15091A022000190000HH	59,03	95	2,95	v
201700000002144	29-12-2017 16:31:39	NOVO PLATAS, CARMEN	5470210NH7657S0001TM	12,14	95	0,61	V
201700000002146	29-12-2017 16:33:08	ALLER CORRAL, VICTOR MANUEL	15091A019000530000HH	106,68	95	5,33	V
201700000002147	29-12-2017 16:33:42	GARCIA PETEIRO, RAMON	9374301NH6697S0001SR	498,54	50	249,27	V
201700000002148	29-12-2017 16:35:41	FERNANDEZ NUÑEZ, JOSE ANTONIO	15091B502002900000OU	117	95	5,85	v
201700000002149	29-12-2017 16:36:18	SANCHEZ GARCIA, AMPARO	2992303NH7629S0001BX	251,45			VIVENDA
201700000002150	29-12-2017 16:38:04	LABANDEIRA PLATAS, MARIA	5215401NH7751N0001BP	37,48	95	1,87	V
201700000002151	29-12-2017 16:40:26	LABANDEIRA PLATAS, MARIA	5115605NH7751N0001EP	267,06	50	133,53	V
201700000002152	29-12-2017 16:41:01	LOSADA BUGALLO, JOSE	7364902NH7676S0001UF	131,3	30	91,91	V
201700000002153	29-12-2017 16:41:36	LOSADA BUGALLO, JOSE	7364914NH7676S0001LF	3,26	30	2,28	V
201700000002154	29-12-2017 16:42:11	LABANDEIRA PLATAS, JOSE	15091A022003920000HO	105,34	95	5,27	V
201700000002155	29-12-2017 16:43:12	SANCHEZ GARCIA, JOSE A.	2892603NH7629S0001JX	145,2	50	72,6	V
201700000002156	29-12-2017 16:43:45	FREIRE LABANDEIRA, AMADEO	001200600NH77B0001IY	104,67	50	52,33	v
201700000002157	29-12-2017 16:45:08	PIÑEIRO SANCHEZ, LUIS	6695609NH7669N0001HU	123,04	50	61,52	V
201700000002158	29-12-2017 16:46:14	PIÑEIRO SANCHEZ, LUIS	15091A012004910000HF	66,5	95	3,32	v
201700000002159	29-12-2017 16:47:07	VAZQUEZ IGLESIAS, MARCELINO	15091A001104460000HR	251,06	95	10,75	v
201700000002161	29-12-2017 16:48:39	GANADERIA VILASANTAR	6117401NH7761N0001TF	131,9	95	6,59	v
201700000002162	29-12-2017 16:50:53	RODRIGUEZ ASTRAY, Mª CARMEN	15091A012007190000HI	63,28	95	3,16	V
201700000002163	29-12-2017 16:53:10	GARCIA FIDALGO, JOSE ANTONIO	15091A012007940000HU	36,72	95	1,84	V
201700000002164	29-12-2017 16:53:44	RODRIGUEZ GARCIA, ANTONIO	001100500NH76H0001JB	106,11	50	53,06	V
2018900000000002	09-01-2018 09:04:03	CARMEN NOVO PLATAS (SIR)	5370304NH7657S0001DM				NON SE CORRESPONDE O SOLICITADO COS DATOS DE CATASTRO

125
SOLICITUDES

27.561,65

9.521,205



GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE VILASANTAR

MOCIÓN SOLICITANDO TRAÍDA DE AUGA AO LUGAR DE SANTA MARIÑA NA PARROQUIA DE SAN VICENZO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante varias fases estivo a realizarse a traída de augas a toda a parroquia de San Vicenzo até case completala mais neste momento existe un lugar ao que aínda esa obra pública non chegou.

O trato desigual a veciñanza é unha situación profundamente inxusta. Un concello ten obriga de dar resposta igualitaria e acaída a todas as veciñas e veciños. Dar un trato diferente a distintas persoas ante situacións que son substancialmente iguais é moi discriminatorio é incluso ofensivo para quen ten que padecer este trato desigual.

O Grupo Municipal do BNG xa ten levado a Pleno este problema e obtívose unha contestación na que se afirmaba que non existía un acceso público que permitise levar a auga a Santa Mariña. Esta afirmación é falsa, como pode observarse, con toda claridade, nos planos do catastro e no PNOA.

No seu día, en resposta a unha das persoas interesadas, indicóuselles un prezo por esta obra que non estaba acompañado de ningún informe técnico que avalase dita cantidade.

Ao mesmo tempo é ben sabido que saneamento e traída de augas é unha competencia do concello.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Que o concello realice no prazo máximo de un mes un proxecto para levar a auga a Santa Mariña.
- 2- Que o concello se comprometa a realizar esta obra no prazo máis breve posible.

Vilasantar a 9 de abril de 2018



Fernando Pérez Fernández, co DNI:32806179-z, portavoz do grupo popular na corporación do Concello de Vilasantar, presenta a seguinte moción ao pleno para o seu estudo e posible aprobación.

MOCIÓN SOLICITANDO UN PLENO INFANTIL ANUAL NO CONCELLO DE VILASANTAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na vontade de considerar aos nenos e nenas como persoas de pleno dereito, é obriga educalos na participación, que debe ser unha realidade que se desenrole día a día. Nesta liña, as actuacións estarán respaldadas por unha acción decidida da sociedade, a través das administracións públicas, que faciliten a concienciación, o desenrolo de habilidades e defensa dos dereitos, xunto con unha mellora da calidade de vida da nosa infancia nos nosos concellos.

É por isto, polo que o grupo municipal do partido popular do concello de Vilasantar, solicitan do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. A organización dun pleno infantil anual para facer partícipes aos nenos e nenas do CEIP de Présaras dos seus dereitos constitucionais, da liberdade de expresión e de consulta aos órganos de xestión municipal.

Vilasantar, 12 de abril de 2018

Asdo: Fernando Pérez



Portavoz do grupo municipal popular